



Cedeira en modo festa

A vila de Cedeira leva xa moitas festas, concertos e actividades no que vai de verán, pero quedan folgos para a traca central da campaña estival: as Festas da Patroa, que comezarán oficialmente coa lectura do pregón o vindeiro martes, día 11, e que terán entre os actos máis emblemáticos a procesión marítima -na imaxe, a do ano pasado-. A programación

contén espectáculos para o público familiar, probas deportivas e xogos populares, verbenas nocturnas con destacadas orquestras e concertos con músicos actuais. Os arredor de 600 quilos de percebes degustados na primeira fin de semana de agosto, na festa da Confraría de Pescadores, marcaron un fito da tempada de verán, a máis bulideira para Cedeira.

Páx. 2 e 3

Un destino único no noroeste peninsular para o ocio activo

O Concello de Cedeira vén de facer uns investimentos para poñer en marcha unha escola de escalada, na zona do mirador dos Carrís, e para equipar adecuadamente o bautizado como "Senda Park", un parque de aventura entre as árbores do campo da Armada. Estes dous espazos, xunto coa Senda do Santo, configuran una oferta singular e única para o turismo activo dentro do noroeste peninsular

e no corazón do Xeoparque Cabo Ortegal. A escola de escalada ten 60 vías, dotadas con pés de titanio, que a converten nun destino excepcional para as persoas afeccionadas ou que queiran iniciarse neste deporte. O Concello traballou da man da empresa local Orixen Action e do Club Montaña Ferrol para adecuar estes espazos con todas as garantías.

Páxina 4

sumario

» O Concello impulsa un verán máis os programas de paseos culturais e rutas guiadas

Páx. 5

» En marcha as iniciativas xurdidas da sexta edición dos Orzamentos Participativos e do CLIA

Páx. 5



» O goberno local xestionou unha achega provincial que custeará o 46% das obras de mellora do centro de Apader

Páx. 6



» A concesión de Portos de Galicia abre paso ao proxecto do futuro Centro Municipal do Remo

Páx. 7

» "Nisa" López Amado será filla predilecta da vila e dará nome á praza xunto ao pazo de Moscoso

Páx. 7

Cedeira encara as festas da Patroa, nas que celebra súa alma mariñeira

Cedeira vive o verán con moita festa e propostas de todo tipo para animar o ocio, porén a actividade vai cobrar máis intensidade do 11 ao 17 de agosto, coas celebracións na honra da Virxe do Mar, as que enxalzan a alma mariñeira da vila. Como é habitual, cómpre seguir as redes sociais do Concello e a canle "Cedeira Informa" para estar ao tanto de todo.

11/08/2026

Pregón a cargo da Coral Eixil e Festa da Escuma

O Concello cédelle cada ano o protagonismo de prender a mecha das festas a unha entidade do seu rico tecido asociativo. Este ano o pregón correrá a cargo da Coral Polifónica Eixil, na praza do Concello ás 20.00h. Buxainas porá a música no acto. Neste martes 11 repetirase un clásico no arranque do programa, o Entroido de Verán e a Festa da Escuma, a partir das 22.30h na praza Roxa, a cargo de Discómobil CDC.

12/08/2026

Eclipse solar con Jazz de Ría, en San Antón de Corveiro



Cedeira vai gozar dunha das sesións máis singulares da observación do eclipse, sen dúbida. Arredor da ermida de San Antón de Corveiro, farase a escuridade cunha sesión do festival Jazz de Ría. A partir das 19.00h amenizará a cita o DJ MIL, e despois do eclipse tocará Xabier Díaz. O público só poderá acceder a pé ou nos buses lanzadeira gratuítos do festival, con saída ás 18:30h desde o Paseo Arriba da Ponte. Na



Novo éxito da Festa do Percebe

A Festa do Percebe chegou e triunfou na súa XXIII edición. A Confraría de Pescadores serviu ao longo de dous días os 600 quilos do crustáceo, en xenerosas racións de 300 gramos por 20€, así como uns 500kg de polbo á feira e empanadas de liscos e bonito. A carpa instalada no peirao foi unha festa o sábado e o domingo, 1 e 2 de agosto, desde as doce da mañá ata as cinco da tarde cada día, horas nas que centos de persoas acudiron para degustar e comprobar a calidade do percebe e tamén do resto das viandas que se serviron.

Foi unha fin de semana con moita festa en Cedeira: celebrouse tamén o festival Discalzos, este ano na praza da Revolta, e houbo festas patronais en Esteiro e en Montoxo. O domingo houbo festa acuática en Area Longa, con inchables e con kayacs a disposición de nenos e maiores.

noite deste mércores acenderanse os motores da primeira verbena nocturna. Claxxon tocará na praza Roxa a partir das 23.00h.

13/08/2026

Xogos Populares, espectáculo de circo e verbena nocturna

O xoves a partir das 17.30h serán os Xogos Populares, nos que as cuadrillas de mozos e mozas compiten en probas como o tiro de corda, a regata de chalanas, a cucaña... Os xogos desenvolveranse no Paseo da Mariña e na praia da Madalena. Na mesma

tarde do día 13 está programado un espectáculo de circo-teatro para o público familiar, a cargo da compañía Pistacatro. A función será na praza do Floreal. A verbena da noite, de novo a partir das 23.00h, trasládase o xoves á praza da Revolta. Actuarán a orquestra Olympus e o dj de Cedeira Brunokavi.

14/08/2026

Acrobacias e humor coa compañía Rojo Telón

A compañía Rojo Telón ofrecerá na praza do Floreal, ás 20.00h, o espectáculo "Nudo", unha función de

circo cargada de humor para todos os públicos. Pola noite, as orquestras Origen e New York tocarán na praza Roxa a partir das 22.30h.

15/08/2026

Día da Patroa: Banda de Música e fogos artificiais

Cedeira celebra por todo o alto a súa alma mariñeira o 15 de agosto, o Día da Patroa. O programa cumpre un ano máis coa tradición: ás 12.00h, misa cantada pola coral Eixil e posterior procesión, coa Banda de Música Vila de Cedeira, que ofrecerá un concerto despois, a partir das 13.30h, na praza Roxa. Pola noite, a festa volve á praza Roxa. Alí será a verbena, amenizada por Fania Blanco Show e a orquestra Marbella. Cando dean as doce, a sesión interromperase para dar paso aos fogos artificiais.

16/08/2026

Procesión marítima e cita coa música galega do momento

O domingo 16 será a procesión marítima, que comezará despois da misa das 11.00h. É esta unha tradición especialmente popular en Cedeira, na que a Virxe do Mar é conducida ata o peirao, acompañada pola

Banda de Música Vila de Cedeira, e alí embarca para facer un percorrido pola ría, acompañada de moitas outras embarcacións. Pola noite, concerto na praza Roxa a partir das 21.30h, con tres dos grupos e artistas máis destacados da música actual en galego. Javi Maneiro, o carismático cantante de Herdeiros da Cruz, chegará a Cedeira coa súa música máis persoal e intimista; tocarán tamén o grupo Alana, coas pandereteiras Lina e Lola, e o artista gLouro, un mozo que gaña seguidores día a día co seu estilo mistura de trap, reguetón, pop urbano e música electrónica.

17/08/2026

Xira en San Antón

Este ano cae en luns a xornada máis familiar e entrañable das festas da Patroa, o da Xira en San Antón de Corveiro. Arredor da ermida desenvolverase a emblemática romaría, na que se reúnen familias enteiras, tanto de Cedeira como veraneantes e visitantes asiduos. Toda a xente comparte a extraordinaria vista da caída do sol, ao solpor, e a baixada posterior, que se realiza cantando. A partir das 22.30h celebrarase a última verbena na praza Roxa, que correrá a cargo da orquestra Triunfo.

E máis que queda por diante...

O verán de Cedeira non remata coas Festas da Patroa. Queda xolda e actividade por diante, entre outras as propostas as seguintes:

Festa do Porco: os días 22 e 23 de agosto terá lugar a terceira edición deste evento gastronómico, que como en anos anteriores será na praza Floreal.

Festival Buxainas: o 29 de agosto, na praza Roxa.

Lugnasad: a celebración das vodas celtas será, como es xa tradicional, a última fin de semana de agosto, o do 29 e o 30.

Certame de pintura rápida: no domingo 30 de agosto, artistas de toda Galicia e doutras comunidades virán para plasmar a beleza das paisaxes de Cedeira, nunha primeira edición especial adicada ás parroquias da localidade mariñeira. Este ano, os participantes deberán pintar paisaxes e rincóns de Cervo.

Un rebulir de actividade desde o mes de xuño

O verán en Cedeira é un rebulir constante desde o pasado mes de xuño. A feira castrexa celebrou a súa segunda edición, ao tempo que chegou a primeira do Cedeira Music Fest, un festival de música urbana con vocación de continuidade. Celebrouse a quinta edición da Ópera Studio, un evento que se ten consolidado como un festival que enche as rúas de lírica, máis alá da estadia e a formación dos músicos e a preparación e estrea dunha peza.

E un verán máis, Cedeira respira deporte! Celebrouse outra edición do torneo de 3x3, con preto de 60 equipos participantes, entre outros eventos. O vindeiro día 7 de agosto será a carreira popular e ao día seguinte, o 8, a travesía a nado. Entre o 3 e o 7 de agosto desenvólvese na praza Roxa a Semana Infantil, con carreiras, xogos, búsqueda do tesouro e concurso de castelos de area. Fícade atentos e atentas ás redes sociais do Concello, porque hai moito verán por diante!



Escola de escalada e Senda Park, novos fitos para o turismo activo

O Concello de Cedeira, que impulsou hai xa uns cinco anos a primeira vía ferrata de Galicia, a Senda do Santo, fai agora unha nova aposta polo turismo activo co equipamento dunha escola de escalada no Mirador dos Carrís, por unha banda, e dun parque de aventura no Campo da Armada, por outra. As tres instalacións configuran unha oferta singular e única para o ocio activo no corazón da Capelada, dentro do Xeoparque Cabo Ortegal.

“Senda Park” é o nome do parque de aventuras, que xa se puxera en marcha hai algúns anos e que agora rexurde con novo equipamento, no que o Concello investiu uns 14.000€. É un destino para nenos e nenas a partir de oito anos -sempre con máis de 1,30m de estatura-, que poderán camiñar entre grandes árbores servíndose das pontes colgantes, cordas, poleas e tirolesas que configuran o itinerario. Coa colaboración da empresa de ocio activo local Orixen Action, instaláronse entre os eucaliptos un total de 12 xogos e unha liña de vida que percorre todo o circuíto. Para a posta en marcha, as árbores nas que se apoian os elementos pasaron unha inspección fitosanitaria e a liña de vida e todas as instalacións superaron tamén a preceptiva revisión.

Está tamén a piques de rematar a instalación dunha escola de escalada no Mirador dos Carrís. Alí, un técnico da Federación Galega de Montaña está a supervisar a instalación de 60 vías, é dicir, 60 itinerarios polos que ascender pola parede de roca, con maior ou menor nivel de dificultade. A día de hoxe en Galicia hai poucos lugares nos que estean habilitadas tantas vías, polo que desde o Concello de Cedeira agardan que este lugar se convirta nun polo de atracción para persoas de toda a comunidade que sexan afeccionadas a este deporte ou que queiran iniciarse nel. Recentemente, membros do Club Montaña acompañaron ao alcalde,



Pablo Diego Moreda Gil, e á concelleira de Deportes, María José Pernas, para facer nesta zona unha homenaxe aos escaladores que hai máis de 40 anos gabearon por ditas paredes. Un deles, José Seco, rememorou os seus ascensos de mozo cos seus actuais 82 anos e participou na colocación dunha placa de recordo a aqueles pioneiros.

O Concello de Cedeira invistiu máis de 11.000€ na compra do material para o Mirador dos Carrís, onde entre outras cousas empréganse pés de titanio, máis duradeiro que o aceiro. Actualmente se está a completar a instalación e a verificarse o cumprimento de todas as condicións de seguridade. Para o uso de todos estes elementos, o Concello

de Cedeira vai proceder como no caso da vía ferrata Senda do Santo. A administración local publicará un reglamento de uso, no que se determinará quen pode empregalas pola súa conta -deportistas con licenza federativa en vigor- e as condicións que terán que cumprir as empresas para utilizalas na organización de actividades.

Cómpre apuntar que recentemente o Concello repuxo algunhas indicacións da vía ferrata Senda do Santo. Arredor de 3.000 persoas están a percorrer este itinerario pola serra da Capelada cada ano, un dato que confirma o éxito da decidida aposta de Cedeira polo turismo activo.

Paseos e rutas guiadas para gozar coñecendo Cedeira

Cedeira é un rebulir de veraneantes e visitantes durante a campaña turística de verán, na que o Concello impulsa desde hai anos diferentes programas de paseos e rutas guiadas contando coas empresas locais, quen mellor coñecen os recursos deste territorio e quen mellor poden transmitilos. Así, desde o mes de xuño están en marcha os paseos culturais que ofrece o guía Sergio Muíño e que se van anunciando tanto polas redes sociais e web do Concello como por www.eufundevivo.com. Un percorrido polos “murais atlánticos” que habitan o casco urbano, a cultura mariñeira ou os museos son, entre outras, as saídas propostas.

Tamén está a abrir en Santo André de Teixido o punto de información turística co apoio do Concello. De mércores a domingo abre a caseta, da que parte, habitualmente ás 12.00 aínda que pode variar o horario, o chamado “paseo dos vivos”, un percorrido bonificado polo Concello no que se explican a historia e as lendas asociadas a este enclave máxico.

E un ano máis o programa DeRuta púxose en marcha en xuño e proseguirá ata finais de agosto, da man da empresa



Portal Norte. É un calendario con 31 saídas, por 7 percorridos diferentes deseñados para descubrir as paisaxes máis espectaculares de Cedeira. Son itinerarios con dificultade baixa ou media, accesibles para a maioría, que teñen ano tras ano unha grande acollida.

Está aberto tamén o castelo da Concepción, o “fortín”, unha peza máis do conxunto de tesouros da península de Sarridal. Está aberto de luns a venres, de 10.00 a 13.30 e de 16.00 a 19.00, e os sábados de 10.00 a 13.30h.

Máis escavacións no Sarridal e chegada dunha axuda para construír a ponte

Do xacemento arqueolóxico do Castro Sarridal seguen a saír novas descubertas. A mediados de xuño comezou unha campaña de escavación financiada polo Concello, na que saíu á luz unha estrutura de planta redondeada moi preto da muralla, e con ela interesantes pezas de cerámica. En xullo comezou outra, desta volta custeada pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta, no marco da que se están a organizar visitas comentadas.



O Concello recibiu hai pouco a confirmación de que lle foi concedida unha axuda de 33.837€ para construír unha pasarela de madeira sobre o xacemento. O orzamento total é de 42.295€ e a administración local aportará os preto de 8.500€ restantes. A ponte permitirá manter o paso peonil polo camiño xunto ao xacemento, ao tempo que se manteñen os restos escavados á vista.

En execución as propostas xurdidas dos OP e o CLIA

Os sextos Orzamentos Participativos son xa unha realidade en execución, o mesmo que as novas propostas do CLIA “Ondiñas na Vila”. A mocidade de Cedeira tomou a palabra para defender as súas propostas diante dun pleno celebrado o pasado 4 de xuño, e a corporación aprobounas por unanimidade. Así, se están a poñer en marcha as iniciativas de limpeza e mellora do acceso á praia das Sonreiras, un programa de turismo activo e un ciclo de Cine na Rúa, propostas

valoradas en 20.000€ e saídas do proceso de Orzamentos Participativos, que este ano implicou a alumnado e profesorado do IES Punta Candieira.

O CLIA “Ondiñas na Vila”, pola súa banda, sacou adiante propostas para organizar unha xornada multideporte e facer un mural colaborativo baixo a titoría de Luis Davila -ambas xa executadas-, por valor de 5.765€. “Estamos orgullosos deste proceso -dixo o alcalde, Pablo Diego Moreda Gil-; Cedeira ten presente e futuro coa nosa mocidade”.



Xestións municipais e apoio provincial para mellorar o centro de Apader

Apader vai acometer un investimento de 350.000€ no seu centro de Régoa contando cunha achega de 160.000€ da Deputación da Coruña, axuda que chegou pola iniciativa e mediación do goberno municipal de Cedeira. A aportación plasmouse nun convenio de colaboración nominativo asinado en xuño entre o presidente provincial, Valentín González Formoso, e a vicepresidenta de Apader, María Isabel Latorre Morado, en presenza do alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, e da concelleira María Pernas.

O goberno local de Cedeira tomou a iniciativa de xestionar o apoio da Deputación tras coñecer o proxecto. O alcalde acudiu á institución provincial a presentar o plan de obra de Apader e a solicitar o respaldo da administración, que finalmente se conseguiu e que cubre preto do 46% do investimento. Pablo Diego Moreda Gil destacou, satisfeito tras ver materializado o acordo, que Apader “é unha entidade na que viven veciños e veciñas de Cedeira, xente querida e apreciada que está totalmente integrada na dinámica social, cultural ou deportiva da nosa localidade” ao tempo que lembrou



a Gonzalo Latorre, o fundador da asociación falecido hai catro anos, como unha “persoa de enorme calidade humana que deixou unha fonda pegada e que é recordado con moito agarimo”.

A obra abrangue unha mellora integral da envolvente térmica do centro asistencial para optimizar o seu comportamento enerxético. Tal como explicou o actual xerente de Apader, José Carlos Rivas, realizarase con provedores locais o illamento de

todas as fachadas, o cambio das ventás e tamén da cuberta, instalando unha estrutura máis lixeira pero con máis eficiencia térmica.

A mesma actuación afectará tamén ao edificio anexo que acolle un dos tres talleres da entidade. Ademais, actuarase sobre a soleira e o pavimento exterior, que presentan zonas deterioradas, fendas e afundimentos, e executarase un drenaxe perimetral para solucionar os problemas de humidade existentes na planta baixa.

Homenaxe de Cedeira a “Nisa” López Amado

O pleno do Concello de Cedeira aprobou por unanimidade, en xuño, a moción de PSdeG-PSOE e BNG para facer filla predilecta a Dionisia “Nisa” López Amado (Cedeira, 1928-Bos Aires, 2008), unha veciña que emigrou de moza a Arxentina e se convertiu en fundadora das “Nais da praza de Maio”, un colectivo que conmocionou ao mundo reivindicando verdade e xustiza, fronte a unha ditadura militar, só cun pano branco na cabeza. Acordouse tamén poñer o seu nome á praza situada xunto ao Pazo de Moscoso.

Nisa soubo xa de nena en Cedeira o que significan unha guerra e a represión da ditadura. A praia na que xogaba convertiuse en campo de concentración e varios familiares seus sufriron represalias e foron fusilados. Marchou a Arxentina, onde volveu chocar



coa inxustiza. En maio de 1976 a ditadura militar secuestrou ao seu fillo, Antonio Adolfo Díaz López, e á súa nora, Stella Maris Riganti, que non volveron aparecer. Percorreu durante anos prisións, hospitais, cuarteis e institución na procura de respostas, sen permitir que o odio a colonizase.

Nisa recibiu a homenaxe da súa vila de adopción en Arxentina, Tigre, así como de diferentes concellos galegos, como Moaña e Cangas. Agora, o Concello de Cedeira vai reparar unha débeda pendente.

A concesión de Portos abre a porta ao futuro Centro Municipal do Remo

Coa comunicación de Portos de Galicia, recibida a mediados de xuño, dando luz verde á concesión administrativa para ocupar 468 metros cadrados no actual aparcadoiro do peirao, o Concello de Cedeira ten despedido o camiño para a creación do novo "Centro Municipal do Remo". O proxecto do goberno local, consensuado co Club de Remo, é convertilo no futuro nun Núcleo de Adestramento Especializado (NADE) no que poidan prepararse deportistas de alto nivel segundo a consideración da Xunta de Galicia. O orzamento ascende a 402.168,39€ (con IVE incluído) e o Concello vén de solicitar unha axuda que podería chegar a financiar o 50%.

O Centro Municipal do Remo terá 400 metros de planta e unha zona de servizos arredor, co que vai chegar a ocupar 468 metros cadrados de superficie. Está previsto que no lado oeste se instale unha zona cuberta. A maior parte da nave estará reservada ao almacenamento de embarcacións, porén haberá tamén 24 metros cadrados para vestiarios e 120 para un ximnasio. O orzamento da construción é de 312.612,50€. A concesión de Portos terá unha vixencia



de 20 anos, prorrogables en outros 10. E o prazo de execución previsto, unha vez que o Concello complete o proceso de licitación e contratación das obras, é de catro meses.

O Concello de Cedeira defende o seu proxecto, para a obtención da axuda do Fondo de Cooperación Local, pola pegada do deporte no municipio: a localidade ten un dos 150 deportistas olímpicos de Galicia e desde 1989 foron máis de 10 os cedeireses e cedeiresas no Centro Galego de Tecnificación Deportiva en remo, natación e triatlón. Actualmente hai 5 cedeireses recoñecidos polo Consello Superior de Deportes como de Alto Nivel; 6 como DGAN e 2 como DAR pola Xunta. Concretamente no remo, 7 deportistas

de Cedeira teñen estado como becarios no Centro Galego de Tecnificación Deportiva, tamén 7 participaron desde 1991 en campionatos do mundo coa selección española, en categoría júnior, sub23 ou absoluta. O local Jacobo Suárez Vilela foi un dos 18 remeiros galegos que participaron nuns Xogos Olímpicos, e actualmente as deportistas de alto nivel Raquel Rodríguez e Candela Pernas están na Selección Española, mentres que Leire Hermida participa no proxecto Brisbane 2032 da Federación Española e Marcos Casal na júnior de Beach Sprint.

O novo Centro Municipal de Remo permitirá reforzar a imaxe do municipio como lugar para a práctica de actividades deportivas, e náuticas, crear oportunidades de diversificación económica e potenciar o turismo deportivo por medio da organización de estadias de adestramento ou a organización de competicións deportivas oficiais. O proxecto presentado polo Concello de Cedeira á Xunta de Galicia, para solicitar a axuda, vai cunha carta de apoio da Federación Galega de Remo na que defende o grande interese de levar adiante este Centro Municipal de Remo.

Saneamento da rúa Moeche

O Concello está a ultimar o proceso de contratación, con financiación do Fondo de Compensación Ambiental, da obra de saneamento da rúa Moeche, coa que rematarán os problemas que xurdían ata o de agora en momentos de choivas intensas. A obra saíu a concurso cun orzamento de 91.556,67€ (IVE incluído).

Acadea humana da AECC, o 23 de agosto

A xunta local da Asociación Española de Loita contra o Cancro organiza para o 23 de agosto a cadea humana, un acto de sensibilización que cada verán reúne a centos de persoas arredor das dúas pontes. A cita será de 19.00 a 20.00h e rematará cunha solta de pombas. O pasado 19 de xullo, a entidade celebrou a súa marcha contra o cancro.

O campamento de verán

A conciliación da vida laboral e a familiar é unha asignatura coa que cumpre cada verán o Concello de Cedeira. Ata 55 nenos e nenas están participando nas sucesivas quedas -este ano foi posible apuntarse só unha semana- desde o 29 de xuño ata o próximo 28 de agosto. Cada mañá, de luns a venres agás os festivos, a cativada xoga, convive e aprende de xeito lúdico



coas variadas propostas que se desenvolven nas instalacións do CEIP Nicolás do Río, ou en saídas a diferentes puntos do municipio. Recentemente acudiron a coñecer o museo Terras de Cedeira.

Arelar, a entidade que tende a man á discapacidade e á dependencia

.....

Arelar é o nome da nova asociación que acaba de nacer en Cedeira. Apenas pasou un mes desde que se puxo en marcha esta iniciativa con nome de desexo, de ansia, de deveso por facerlle a vida máis doada ás persoas con diversidade funcional. A iniciativa xurde pola iniciativa dun grupo de persoas que pertencían á extinta Sobre Rodas co obxectivo de prestar axuda á discapacidade e á dependencia. Tal e como explica o seu vicepresidente, Juan Carlos García Pérez, aquela entidade tiña un vehículo adaptado co que levaba ás persoas socias ao médico, por exemplo, cando tiñan consultas en Ferrol, A Coruña ou Santiago. Era un servizo importante, que se bota de menos, e o primeiro ánimo da nova Arelar é chegar a poñelo en marcha.

Que a nova asociación teña esta arela, a de ter un vehículo adaptado a disposición das persoas con problemas de mobilidade, non quere dicir que poidan facela realidade de inmediato. García Pérez explica que a entidade acaba de nacer e que o primeiro é tentar acadar masa social e iniciar as actividades, pero advirte de que non queren prometer cousas que a día de hoxe non teñen na súa man. Estudiarase a fórmula, a través de axudas de institucións públicas ou mesmo de empresas privadas, de poder incorporar o vehículo.

De momento Arelar está dando os primeiros pasos. O pasado 12 de xullo celebrou unha asemblea informativa e de presentación ante a veciñanza na sala Áncora e a estas alturas contan



Para informarse ou asociarse, hai que chamar ao número de teléfono 621 382 856

xa cunhas 60 persoas socias, porén o reto é chegar a máis xente e contar co maior respaldo social para poder facer realidade os seus proxectos. Entre eles está a organización de cursos e actividades para persoas con diversidade funcional en nalgúns casos

para as súas familias. Clases de pilates adaptado será moi probablemente a primeira destas propostas, que a entidade espera poñer en marcha en setembro ou outubro. Teñen intención tamén de poder negociar con diferentes establecementos e empresas de Cedeira unha serie de vantaxes ou descontos para as persoas asociadas.

A directiva de Arelar está integrada, ademais de por Juan Carlos García Pérez, por Raquel Pardo Orjales na presidencia, por Loli Pita como secretaria e por José Vicente de tesoreiro, así como por outros veciños e veciñas de Cedeira que ocupan diferentes vocalías. Quen queira informarse ou asociarse pode chamar ao número 621 382 856 ou escribir ao correo electrónico asociacionarelar@gmail.com. Están tamén nas redes sociais, Instagram e Facebook (@arelardiversidadefuncional).